

Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ADXUDICAN AS BOLSAS ERASMUS+ PARA AS PERSOAS PROCEDENTES DOS TERCEIROS PAISES NON ASOCIADOS AO PROGRAMA PARTICIPANTES NO PROXECTO ERASMUS+ KA171, 2023-1-ES01-KA171-HED-000142119, NA UNIVERSIDADE DE VIGO**

A Universidade de Vigo, como institución elixible para participar no programa Erasmus + presentou a solicitude de financiamento en 2023 perante o SEPIE para poder levar a cabo actividades de mobilidade Erasmus+ no marco da acción KA 171 con países asociados.

Unha vez publicadas as listaxes de solicitudes admitidas por parte do SEPIE, a Universidade de Vigo asinou un convenio de subvención cunha dotación total de 80 990 € que permite levar a cabo intercambios de estudantado, docentes e persoal administrativo e técnico coas seguintes institucións no marco do proxecto 2023-1-ES01-KA171-HED-000142119:

Al-Quds University	Palestina
Palestine Polytechic University	Palestina
Arab American University Private Stock Company	Palestina
Universidade De Cabo Verde	Cabo Verde
Business and Technology University LLC	Xeorxia
Batumi Shota Rustaveli State University	Xeorxia
Ivane Javakishvili Tbilisi State University	Xeorxia

As convocatorias de selección das persoas participantes dos terceiros países non asociados ao Programa son responsabilidade das universidades de orixe participantes no proxecto:

En virtude do exposto, esta reitoría **RESOLVE**:

Adxudicarlle as bolsas en concepto de axuda individual e viaxe ao alumnado participante que realizará unha estadía durante o segundo cuadrimestre do curso 2025/26 na Universidade de Vigo.

Nome	Univesidade	Axuda individual	Axuda de viaxe
Aicha Pereira Vasconcelos Furtado	Universidade De Cabo Verde	4193 €	0 €
Benedita Alves Baldé	Universidade De Cabo Verde	4193 €	0 €

O aboamento das axudas concedidas farase con cargo ás seguintes partidas:

- **2026 ORI1 121DEXT 482.10**: axuda individual.

A axuda é compatible con calquera outra axuda que lle poida conceder á persoa participante a súa universidade de orixe.

O pagamento das axudas farase unha vez confirmada a súa chegada á Universidade de Vigo **mediante transferencia bancaria**.

A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) enviará a certificación de estadía ás persoas participantes e ás persoas responsables nas universidades socias para xustificar o cumprimento da finalidade da subvención.





Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

De non realizarse a estadia ou parte dela, a Universidade de Vigo resérvase o dereito de reclamar o importe da bolsa ou parte dela.

As persoas beneficiarias terán a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte da publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación, R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

María Isabel del Pozo Triviño

